



15ª REUNIÓN DO CONSELLO DE AVALIACIÓN DOCUMENTAL DE GALICIA

Data: 22 de xuño de 2023

Lugar: A reunión tivo lugar de forma presencial, no Edificio da Biblioteca e Arquivo de Galicia, na Cidade da Cultura, Aula 1 e online, a través de videoconferencia mediante a plataforma Falemos.

Hora de comezo: 12,00 horas

Hora de remate: 13.30 horas

Asistentes

1. Anxo M. Lorenzo Suárez, director xeral de Cultura, presidente
2. Jesús Oitavén Barcala, director xeral de Simplificación Administrativa, vicepresidente[Telemática].
3. M^a Josefa Piñón López, xefa do Servizo do Sistema de Arquivos, secretaria e vogal.
4. M^a del Carmen Calviño Rodríguez, subdirectora xeral de Arquivos e Museos, vogal
5. M^a del Mar García Miraz, xefa do Servizo do Arquivo de Galicia, vogal.
6. M^a José García Sexto. Directora da Área de Modernización das Administracións. AMTEGA, vogal. [Telemática].
7. Gabriel Quiroga Barro, xefe de Sección do Arquivo do Reino de Galicia [Telemática]
8. Alfonso Cascudo Rasilla, xefe de Sección do Arquivo Territorial da Xunta en Pontevedra, vogal [Telemática]
9. Carmen Moreiras Plaza, técnica de documentación do Parlamento de Galicia, en representación do Valedor do Pobo, vogal [Telemática]
10. Desirée Domínguez Pallas, directora do Arquivo Universitario de Santiago. En representación do Consello Galego de Universidades, vogal suplente
11. Aránzazú Portabales Santomé. Subdirectora Xeral de Fiscalización e Control Interno [Telemática]
12. Pilar Cagiao Vila, profesora de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela.
13. Dolores Lestón Suárez. Arquivo Territorial de Xustiza. Ourense [Telemática]
14. Rodrigo Silva Poceiro. Arquivo Municipal de Pontevedra, Invitado.





Xustifican a ausencia:

1. Isabel Novo Castro, asesora xurídica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades en representación da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, vogal.

Orde do día

1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior

2. Informar sobre propostas de avaliación de series documentais

Administración autonómica

Arquivo de Galicia

- Contas de pagos a xustificar. (Cód. AA103)
- Expedientes contables de gasto. (Cód. AA140)

Arquivo do Reino de Galicia

- Expedientes de constitución, modificación e cancelación de fianzas de arrendamento de inmobles (Cód. AA6159)

Arquivo Central de Industria

- Expedientes de plans de labores (Cód. AA0932)

Administración local

Arquivo Municipal de Pontevedra

- Expedientes de multas en materia de tráfico. Cód. AL941 (AMPO S1017)
- Atestados da policía local. Cód. AL942 (AMPO S1080)
- Expedientes de permisos e vacacións. Cód. AL151 (AMPO ALS0336, ALS0337)
- Rexistros de asistencia do persoal. Cód. AL157 (AMPO S0335)
- Retirada de vehículos polo guindastre municipal Cód. AL943 (Cód. AMPO S0642)

Universidades

Arquivo da Universidade de Santiago de Compostela

- Expedientes de retribucións do persoal. (Cód. U014)
- Expedientes de subvención de prezos públicos no 3º ciclo (Cód. U015)
- Expedientes de axudas e subvencións para o pagamento dos prezos públicos (Cód. U016)
- Expedientes de bolsas de carácter xeral do Goberno Vasco (Cód. U017)
- Expedientes de bolsas de colaboración do Ministerio (Cód. U018)





3. Informar sobre as propostas de eliminación de documentos

3.1. Propostas que contan con Táboas de avaliación aprobadas e publicadas no DOG

Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

- Expedientes de asistencia xurídica gratuíta (Cód. AA5063)

Táboa T0047 DOG núm. 38, do 25 de febreiro de 2021

Datas extremas: 2010-2011

Volume a eliminar: 261 unidades de instalación

Consellería do Medio Rural

- Documentos de identificación bovina (Cód. AA1306)

Táboa T0043 DOG núm. 45, do 6 de marzo de 2020

Datas extremas: 2019-2019

Volume a eliminar: 91 unidades de instalación

Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

- Exames e outros documentos de avaliación académica do alumnado de ensinanzas non universitarias (Cód. AA5113)

Táboa T0084 DOG núm. 38, do 25 de febreiro de 2021

Datas extremas: 2021-2022

Volume a eliminar: 27.415 metros lineais
(238.391 unidades de instalación correspondentes a 962 centros educativos)

3.2. Propostas condicionadas á aprobación das Táboas de Avaliación e a súa publicación no DOG

Instituto Galego da Vivenda e Solo. Área Provincial da Coruña

- Expedientes de constitución, modificación e cancelación de fianzas de arrendamento de inmobles (Cód. AA6159)

Datas extremas: 2000-2008

Data da proposta: 13 de xuño de 2023

Volume a eliminar: 764 unidades de instalación

Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

- Expedientes contables de gasto (Cód. AA140)

Datas extremas: 2002-2013

Data da proposta: 14 de xuño de 2023

Volume a eliminar: 2.227 unidades de instalación

Arquivo Municipal de Pontevedra





- Expedientes de multas de tráfico
Dats extremas: 1997-2012
Data da proposta: 15 de xuño de 2023
Volume a eliminar: 360 unidades de instalación
- Expedientes de permisos e vacacións
Dats extremas: 2002-2015
Data da proposta: 15 de xuño de 2023
Volume a eliminar: 83 unidades de instalación
- Rexistro de asistencia de persoal
Dats extremas: 2007-2015
Data da proposta: 15 de xuño de 2023
Volume a eliminar: 9 unidades de instalación

4. Rolda de intervencións

DELIBERACIÓNS

Abre a sesión o director xeral de Cultura que saúda aos asistentes e presenta para a súa deliberación os puntos establecidos na orde do día:

1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior

Apróbase a acta.

2. Informar sobre as propostas de avaliación de series documentais da Administración autonómica e da Administración local

O Presidente pasa a palabra a Mar García que expón os estudos realizados no Arquivo de Galicia:

- Expedientes contables de gasto. (Cód. AA140)
- Contas de pagos a xustificar. (Cód. AA103)

Alfonso Cascudo fai unha observación en relación coa serie "Contas de pagos a xustificar". Na indicación das series relacionadas falta o tipo de relación que hai entre elas. Ademais, bota en falta a mención aos propios expedientes contables de gasto. Mar García propón completar o estudo e recoller estas cuestións, xa que non varía a esencia nin o contido do aquí exposto.

Apróbanse as dúas propostas.





Anxo pasa a palabra a Gabriel Quiroga que expón a serie documental realizada no Arquivo do Reino de Galicia:

- Expedientes de constitución, modificación e cancelación de fianzas de arrendamento de inmobles (Cód. AA6159)

Non hai observacións. Apróbase a proposta.

Toma a palabra Mar García que comenta a serie proposta polo Arquivo Central de Industria:

- Expedientes de plans de labores (Cód. AA0932)

Non hai cuestións. Apróbase.

Administración local

Rodrigo Silva presenta 5 estudos propostos polo Arquivo municipal de Pontevedra. Son estudos sinxelos que afectan a un volume considerable de documentos.

- Expedientes de multas en materia de tráfico. Cód. AL941 (AMPO S1017). Apróbase
- Atestados da policía local. Cód. AL942 (AMPO S1080)
- Expedientes de permisos e vacacións. Cód. AL151 (AMPO ALS0336, ALS0337)
- Rexistros de asistencia do persoal. Cód. AL157 (AMPO S0335)
- Retirada de vehículos polo guindastre municipal Cód. AL943 (Cód. AMPO S0642)

Non hai cuestións. Apróbanse as propostas.

Universidades

Universidade de Santiago de Compostela

Presenta os estudos Desirée Domínguez Pallas, directora do Arquivo Histórico Universitario da Universidade de Santiago, vogal suplente en representación do Consello Galego de Universidades.

Desculpa a ausencia do vogal titular, José Luis Mínguez-Goyanes de la Rica, que, a piques de xubilarse, pediulle que lera no seu nome un texto de despedida aos membros do consello. O que fai a continuación.

O presidente agradece as palabras de José Luis Mínguez, membro deste Consello dende a súa creación e pide que conste en acta o agradecemento á labor realizada e o desexo dunha feliz xubilación.

A continuación Desirée Domínguez expón os estudos realizados. Comenta que é a primeira vez que a Universidade de Santiago presenta propostas de xeito individual pero dende hai máis dun ano non hai reunións do Grupo de traballo e vense na obriga de presentar estes estudos que xa están rematados.





- Expedientes de retribucións do persoal. (Cód. U014)

Alfonso intervén e di que bota en falta a distribución da información recollida no estudo seguindo a línea aplicada pola Xunta de Galicia coa metodoloxía aprobada no Grupo de traballo. O emprego da aplicación EIVA permite que os estudos teñan un formato determinado. Debería facerse un esforzo para que todas as administracións puideran utilizar esta aplicación.

O directos xeral contesta que toma nota da proposta, pero que hai que ter en conta que polo momento a aplicación é unha ferramenta interna da Xunta de Galicia.

Apróbase a proposta.

- Expedientes de subvención de prezos públicos no 3º ciclo (Cód. U015)

Alfonso Cascudo reitera a importancia da unificación de criterios e terminoloxía empregados na redacción dos estudos de identificación e valoración. Neste sentido, a ordenación da serie documental, en lugar de ser "numérica/cronolóxica" debería ser "outras". En relación á mostraxe proposta de "conservación aleatoria de 2 exemplares por curso académico de solicitudes coa documentación achegada polos/as solicitantes" é una mostra, non unha mostraxe.

Apróbase a proposta.

- Expedientes de axudas e subvencións para o pagamento dos prezos públicos (Cód. U016)

Non hai comentarios. Apróbase a proposta

- Expedientes de bolsas de carácter xeral do Goberno Vasco (Cód. U017)

En relación con esta serie, Desirée Domínguez explica que o Goberno Vasco ten transferida a regulación e a xestión das convocatorias das bolsas dos residentes na Comunidade Autónoma. É unha serie complementaria ás bolsas de carácter xeral do Ministerio que foron aprobadas neste Consello. Explica o procedemento.

M^a del Carmen Calviño ten unha dúbida con respecto á titularidade dos documentos: no estudo figuran como unidade produtora diversas unidades administrativas da Universidade de Santiago e como unidade participante o Goberno Vasco. Si a convocatoria e a resolución as fai o Goberno Vasco isto xera dúbidas de si realmente a USC é a titular dos documentos ou é o Goberno Vasco. A USC fai a proposta, pero realmente que resolve é o Goberno Vasco.

Alfonso Cascudo comenta que se trata dunha serie subordinada.

Gabriel Quiroga está de acordo en que é unha serie subordinada á serie principal tramitada polo Goberno vasco e que sería interesante coñecer a valoración desta serie principal para ter unha visión global que puidese, incluso, levar a propoñer a súa eliminación total.

Desirée Domínguez aclara que a serie principal non está valorada polo Goberno Vasco, pero a USC presenta unha proposta de eliminación igual as aprobadas neste mesmo Consello para series similares. Alfonso Cascudo reafirma a semellanza.

Apróbase a serie con estas observacións.





Continúa a representante das Universidades coa explicación da seguinte serie:

- Expedientes de bolsas de colaboración do Ministerio (Cód. U018)

Non hai comentarios a esta proposta. Apróbase

Pasamos ao seguinte punto da orde do día

3. Informar sobre as propostas de eliminación de documentos

3.1. Propostas que contan con Táboas de avaliación aprobadas e publicadas no DOG

O director xeral de Cultura informa sobre a relación de propostas de eliminación presentadas. Neste punto fai fincapé na proposta de eliminación da serie "Exames e outros documentos de avaliación académica do alumnado de ensinanza non universitarias", xa que é un volume considerable, máis de 27 km de documentación que corresponden a 962 centros educativos dun único curso escolar (2021-2022).

3.2. Propostas condicionadas á aprobación das Táboas de Avaliación e a súa publicación no DOG

Anxo Lorenzo comenta as propostas de eliminación presentadas nesta reunión, que corresponden a estudos sometidos a ditame na reunión de hoxe e lembra que as eliminacións están condicionadas a aprobación dos estudos e a publicación das Táboas no DOG.

4. Rolda de intervencións

Inicia a rolda o director xeral en relación coa representación dos arquivos universitarios neste órgano e reitera o agradecemento a José Luis Mínguez-Goyanes polo traballo feito dende o principio, xa que foi membro deste Consello dende a súa creación e constitución e lle traslada o desexo de que teña unha boa xubilación.

Intervén Alfonso Cascudo e propón que dende a aplicación EIVA se poidan extraer informes das táboas e dos extractos xa que isto axudaría a acortar os prazos da publicación. Reitera que sería desexable todas as administracións puideran utilizar esta aplicación para a elaboración dos estudos.

M^a José Sexto contesta que as administracións que participan no Consello poderían formar parte do conxunto de ferramentas que se poñen a disposición dos arquivos, como ARQA. Debido ás características de EIVA hai que ver si é viable que poda utilizarse por terceiros, xa que esta ferramenta está moi por enriba do ámbito da Xunta.

Gabriel Quiroga comenta que bota en falta a presenza dun representante dos historiadores. O Consello precisa dun historiador que asista con frecuencia as reunións.

Anxo Lorenzo contesta que xa hai unha persoa designada en representación dos historiadores, que é Pilar Cagiao, que precisamente hoxe estivo na reunión de xeito presencial.





ACORDOS

1. Aprobar a acta da sesión anterior.
2. Aprobar as propostas de avaliación de series documentais presentadas.
3. Informar favorablemente as propostas de eliminación de documentos presentados.
4. Que conste en acta o recoñecemento á labor de José Luis Mínguez-Goyanes de la Rica neste Consello como vogal en representación das Universidades de Galicia.

E non tendo máis asuntos que tratar, levántase a xuntanza ás 13:30 horas

Santiago de Compostela,

Vº e praxe

A secretaria

O presidente

Mª Josefa Piñón López

Anxo M. Lorenzo Suárez

